

O NOVO ESCENARIO DE REFORMA DA PAC: O SISTEMA ALIMENTARIO DO FUTURO:

“ O sistema alimentario galego na encrucillada dunha nova reforma agraria europeo”

E necesario facer unha reflexión sobre os avances das reformas nas que se está a avanzar no ámbito da UE, e a situación dende a que temos que afrontar esos cambios no futuro da PAC, tendo en conta a coxuntura económica mundial e a súa afectación ó sector agrario, e en particular ó sector agrogandeiro galego e a industria agroalimentaria galega, e como nos afectan as decisións políticas dos últimos tempos, dende a perspectiva autonómica, centrandome no que mellor coñezo, no primeiro eslabón da cadea do sistema alimentario que constitúen as pouco mais de 12000 explotacións de leite e arredor de 20000 adicadas ó vacún de carne, que nos quedan en Galicia, cunhas peculiaridades marcadas polo endebedamento no caso das explotacións de leite debido fundamentalmente á compra de cota, ó investimento feito na mellora das explotacións , o embellecemento e a falta de relevo xeracional , a excasa base territorial e a excasa competitividade , que non de calidade das nosas produccions.

Afrontamos así un ano de profunda crise económica, que afecta de xeito especial ó sector da produción de carne e mais fundamentalmente ó sector lácteo e enfrontámonos a unha coxuntura, onde tras as revisións do chequeo médico da PAC, que se ben garantizada a súa financiación ata o 2013, fai necesaria a revisión do orzamento e das perspectivas financieras no horizonte 2020

Nese contexto debemos centrar a futura reforma da PAC en novos obxectivos e prioridades e novos retos; de seguridade e calidade alimentaria, de garantir o acceso á poboación de alimentos sáns, que permitan reaccionar fronte a situación de crise e abastecemento a nivel local e rexional, afondando na competitividade da agricultura e da industria agroalimentaria galega, que garanta rendas dignas ós produtores e prezos dignos para as producións agrarias e o desenvolvemento dunha actividade agraria sostible así coma da biodiversidade e con esas prioridades avanza no seo da UE co liderazgo durante a Presidencia Española.

Dese xeito debemos de avanzar cara a consolidación dunha PAC forte , con suficiente dotación que defenda o carácter estratéxico da agricultura europea, e tamén do noso sector agrogandeiro , agrícola e forestal galego, que permita xerar emprego e favorecer o crecemento agrario sostible no territorio .

Temos que entender tendo en conta eses aspectos que deben ser prioritarios , que os pagos directos, contribuíron a que os agricultores europeos, tamén os galegos, a adaptarse os mercados cada vez con maior volatilidade, e á propia evolución do sector agrario galego, particularmente o sector lácteo galego, que medrou en gran medida a conta do esforzo do propio sector , do propio esforzo dos gandeiros/as , conquerindo explotacións con vocación de futuro, que puideran ser competitivas noutro contexto e que deben facer fronte a un futuro con novos desafíos e sen dúbida mais competitivo.

Para os agricultores galegos é importante avanzar de cara á necesidade de evolucionar cara a compromisos concretos, de cara a un novo modelo de axudas directas, que fagan mais visibles a contraprestación dos agricultores polos servicios mediambientales que desenvolven no territorio.

Temos que ter en conta o tipo de explotación familiar que aínda que non rendible economicamente, moitas das explotacións de leite , que fundamentalmente teñen mulleres como titulares, que complementan as rendas das familias, explotacións de carne froito do abandono da produción de leite, e outras que se adican á explotación extensiva da gandeiría , nunha parte do territorio, onde non é posible outro tipo de actividade, pero esencial para a cohesión social e territorial , para o coidado da paisaxe e do medio ambiente natural, e tendo en conta as peculiaridades deste tipo de explotacións que existe en Galicia , avanzar no senso no que se estivo avanzando durante a Presidencia española da Unión, no recoñecemento do labor que realizan este

tipo de explotacións que mantendo a actividade agraria contribúen á sociedade na contraprestación de servizos, e permite colocar ós produtores como centro da Política Agraria Común e que as axudas directas teñan como obxectivo a compensación e retribución de servizos e contribúa as rendas , conquerindo manter este tipo de explotacións que son necesarias no noso país.

Complementariamente, debe recoñecerse o labor daquelas explotacións que teñen maiores compromisos, fundamentalmente agroambientais, e no ámbito do benestar animal, ligando á base territorial á produción, no ámbito do desenvolvemento rural, e nese senso tamén debemos incidir, debido á escasa base territorial das nosas explotacións, que fixeron no seu momento un forte esforzo para o investimento en comprar cota, e imposibilitou a posibilidade de dimensionarse e acadar maior competitividade e produtividade, en incrementar esa base territorial sendo tamén un aspecto a considerar de cara a un futuro máis competitivo.

Pero tamen as axudas directas deben servir para apoiar as explotacións que desenvolven a súa actividade en zonas especialmente vulnerables, con desvantaxes específicas, en zonas de media e alta montaña; e sen dúbida ese modelo beneficia os intereses das explotacións galegas, o 81% do noso territorio presenta algún tipo de desvantaxe co que se garanten axudas para a meirande parte das explotacións.

Malia nestes aspectos debemos referir as políticas que está a levar a cabo o goberno galego neste momento onde está a defender outros posicionamentos e levar a cabo políticas contrarias as prioridades que se están a defender no seo da UE .

Recortando e suprimindo axudas postas en marchas polo anterior goberno, axudas á recría, axudas ó fomento de razas autóctonas e penalizando na convocatoria deste ano das axudas da PAC , precisamente as axudas as explotacións onde conviven o bosque e a explotación extensiva de gando vacún e ovino, sensiblemente na montaña de Lugo , no macizo central de Ourense, onde non é posible outro tipo de actividade , onde contribúen ó mantemento da poboación nas parroquias, que sensiblemente afectadas polo abandono e o envellecemento, coidan o territorio, mantendo limpo contribuindo así a previr incendios, unicamente polos criterios que aplicou a Xunta de Galicia.

Por outra banda o goberno da Xunta de Galicia está a defender un reparto igual para todos os territorios, das axudas que en base ó artigo 68 se establecen para o sector lácteo, que segundo a aplicación dese artigo debe priorizar as explotacións situadas en zonas desfavorecidas, que está a ser a orientación do futuro da PAC; primar aquelas explotacións onde é mais costoso e ten maiores dificultades producir, e que ademais debe ser o posicionamento que defendamos dende Galicia para as explotacións galegas, tendo en conta que eses criterios á hora do reparto nos benefician, porque como me teño referido o 81% do noso territorio ten algún tipo de desvantaxe.

Se ben é certo ,que debe permitirse e nese senso tamén se avanza, que en momentos de crise coma o actual, as comunidades autónomas, e así o fixeron outros gobernos autonómicos poidan establecer axudas ás explotacións: O goberno asturiano puxo en marcha en base a unha modificación do PDR, axudas ligadas ó benestar animal, condicionado á saída dos animais ó pasto, que vai a reportar axudas entre os 40 e 80 euros por animal e que non puxo en marcha o goberno galego , que optou por axudas que requiren unha inversión.

Debemos ter en conta pois que é necesario un orzamento propio para apoiar , en momentos de dificultades coma o actual , aqueles sectores que soportan maiores dificultades, como neste caso o sector lácteo e os sectores agrogandeiros.

E se ben nos temos referido á base territorial das nosas explotacións, e de xeito que as axudas evolucionan cara un modelo ligando a base territorial á produción, tendo en conta que en Galicia xunto co modelo familiar de explotación temos outro modelo de explotación máis competitivo, mais orientado ó mercado ,que ten un problema precisamente de competitividade , polo tamaño das propias explotacións pero non de calidade das produccions, debemos levar a cabo o apoio decidido e forte e específico a actividades que incrementen o valor engadido dos nosos produtos agrícolas e gandeiros que aproveiten a calidade diferenciada e o valor dos produtos galegos, pero tamen impulsando medidas que resolvan o problema que supón a excesiva fragmentación da propiedade e a falta de ordenación dos usos da terra, e resolvan a excasa base territorial das explotacións galegas,con zonas moi

explotadas nas zonas de maior intensidade gandeira e en especial leiteira e zonas infrautilizadas , que requiren un gran pacto de país.

A posta en marcha desas medidas debe permitir mellorar a competitividade de explotacións que se teñen que enfrentar a un futuro que vai a vir marcado pola liberalización da produción, a desaparición das cotas que vai esixir maior produtividade.

As concentracións parcelarias son unha fórmula, aínda que debemos encamiñar as nosas accións a reducir os tempos de execución e os custes dos traballos de execución , en base á aplicación dos novos instrumentos que aportan as novas tecnoloxías da información, promovendo a execución prioritaria de concentracións parcelarias nas zonas de maior intensidade agrícola e en especial leiteira , ligadas ó compromiso de utilización produtiva das terras concentradas.

Malia ó tempo debemos avanzar noutras fórmulas máis rápidas e eficaces que permitan conquistar a mellor ordenación e aproveitamento dos terreos útiles coma promover procesos de concentracións privadas colectivas a iniciativa dos produtores co apoio e a implicación da administración.

Por outra banda o Banco de Terras posto en marcha polo anterior goberno é un instrumento útil que favoreze a incorporación de terras as explotacións gandeiras e o seu arrendamento e, os esforzos deberán encamiñarse cara o establecemento de novos incentivos para os propietarios que cedan as súas parcelas e a integración e xestión conxunta de pequenas parcelas que as fagan máis atractivas.

Malia o novo goberno da Xunta de Galicia , paralizou o Banco de Terras, non se teñen producido en máis dun ano de goberno incorporacións ó Banco de Terras, e no canto de impulsalo pola contra, a Consellería de Medio Rural está a traballar na disolución da sociedade xestora do Banco de Terras, que sen dúbida tentará unicamente relegalo a unha oficina cun carácter meramente administrativo.

Pero se cadra maior relevancia ten outro aspecto no que se centrou o debate e as conclusións que saíron do traballo durante os meses de Presidencia Española, nun momento económico marcado pola crise , pola volatilidade crecente dos mercados e apertura cara outros novos, fai necesarios o mantemento dos instrumentos de intervención, as axudas ó almacenamento privado, compras públicas, e á búsqueda de novos mecanismos.

E máis importante é se cabe avanzar na mellora das relacións entre produtores e industrias, na regulamentación por lei de contratos formais, que permitan por adiantado e por escrito negociar o precio do leite e que sexan de carácter obligatorio, así coma a posibilidade de concentrar a oferta, de que os produtores poidan negociar as cláusulas dos contratos, tamén o precio, e que teñen tamén carácter legislativo ou normativo, e nese senso outros mecanismos teñen fracasado, como é a priorización das axudas as industrias que asinen contratos, que pese a ser unha competencia da que dispoñen as CCAA ,o goberno galego non foi quen de impulsar a sinatura dos contratos, cando apenas 1500 explotacións das 12000 explotacións galegas venden o leite con contrato, nun momento onde o precio do leite acadou no último ano mínimos históricos.

Avances que son importantes para o sector lácteo galego debido á situación de debilidade dos produtores de leite galegos, e a unha cadea de valor desequilibrada a favor da industria que paga o leite en orixe ó precio mais baixo de toda a UE, 3 céntimos por debaixo do resto de produtores españois, que sufren os abusos das industrias e o feito de que as grandes distribuidores utilizan sistemáticamente o leite como “produto reclamo”.

Respecto a esa debilidade que sufren os gandeiros/as galegos, perdeuse se cadra a última oportunidade, pola falta de apoio do goberno galego para conseguir a verdadeira vertebración do sector lácteo galego, para conseguir aportar estabilidade ó precio do leite, conseguir concentrar a oferta, reforzar o poder de negociación dos produtores, promover a participación e a integración das cooperativas galegas ós proxectos agroalimentarios estratéxicos no eido das producións agrarias, truncando e boicoteando o asentamento e a creación do grupo lácteo galego, que permitira acortar a cadea agroalimentaria de xeito, que permitira a xestión polos propios produtores, mellorando as rendas, cando non apoiaron ó conxunto das cooperativas galegas para a xestión da planta de Pascual, sobre o que se puideran asentar as bases do grupo lácteo galego, de base cooperativa forte coa implicación da administración que resulta indispensable.

Se cadra o fito máis importante ó que nos enfreamos dende o punto de vista do sector lácteo no noso país, e máis na nosa comarca, nos últimos tempos, cando se apoiou un proxecto débil, a costa de perder 85 postos de traballo e que está a competir para introducirse no mercado, especulando con precios á baixa, os máis baixos do mercado, conquerindo desestruturar un mercado xa moi desestruturado.

Perdemos pois , porque perdemola todos, a mellor oportunidade para avanzar na estabilidade do sector lácteo, e no que debe ser o futuro sendo a industria agroalimentaria a que enlaza a produción e distribución co consumo, e tamén de cara a fortalecer a competitividade e a produtividade da industria agroalimentaria galega, chamada a liderar o proceso de I+D+i a fin de acadar os retos de abastecemento de alimentos sans seguros, na búsqueda dunha industria máis diversificada, cara a produción de produtos máis elaborados e de calidade e que promoban a integración cooperativa.

Outro aspecto importante debe ser avanzar no etiquetado facultativo dos produtos lácteos, iniciado polo goberno do estado co chamado logotipo letra Q, que garante a trazabilidade do leite , respecto da identificación da orixe do leite e dos produtos lácteos en base a criterios de diferenciada calidade, respecto do tipo de alimentación a base de forraxes que permita poñer en valor o leite galego, que permita mellorar a conformación dos precios e mellorar as rendas das explotacións.

Nese senso tamén traballan dende o goberno galego, malia respecto a criterios hixiosanitarios que non supoñen criterios de diferenciación de calidade e que sen dúbida toparase con algunha dificultade.

O futuro da agricultura e da industria agroalimentaria ligada á participación e o dimensionamento cooperativo permite a deslocalización e a ordenación do territorio e ás áreas rurais explotar todo o potencial , xa que en torno á industria agroalimentaria se articula e desenvolven outras actividades complementarias, en zonas onde se deterioraría a actividade económica e o emprego á falta dun sector agrogandeiro forte, sen desprezar o papel dos

mozos , para o que debemos facilitar o seu acceso ó relevo xeneracional , e das mulleres como pilar que sustenta o medio rural, desempeñando un labor de vertebración territorial e diversificación das actividades, conqruendo avanzar na maior visibilidade para as mulleres do rural, promovendo o acceso á titularidade e xestión das explotacións agrarias e gandeiras, a integración e participación social das mulleres, o acceso a postos de dirección no ámbito do cooperativismo , das organizacións agrarias e o apoio decidido a proxectos emprendedores no medio rural impulsados por mulleres e a posta en marcha de medidas que contribúan a conciliación da vida familiar coa actividade agraria, promovendo máis plazas publicas en escolas infantís e centros de día, e aproveitar a oportunidade que ofrece a implantación da lei da dependencia para garantir unha remuneración ó traballo das mulleres ten e debe ser unha prioridade nas nosas políticas.

No futuro debemos pois orientar a PAC cara obxectivos claros e afrontar novos retos do sector agrogandeiro e reforzar os instrumentos dos que dispon a UE mellorando a coordinación e gobernanza con outras políticas que aproveiten o potencial do sector para conqruer reafirmar unha PAC forte.

Malia tendo en conta a situación de crise a que nos enfreamos debemos pensar defendendo a agricultura e a gandeiría como sector estratéxico , nun orzamento propio e suficiente , tal como se apoia a outros sectores como poden ser o téxtil ou a automoción.

Temos pois a medio prazo o reto de apostar polo futuro do sector agrogandeiro e da industria agroalimentaria galega , e os socialistas temos xa a nosa folla de ruta, que iniciabamos a pasada semana coa nosa Conferencia política.

Vilalba , a 19 de Xuño de 2010

Sonia Verdes Gil

Voceira Medio Rural do Grupo Parlamentario Socialista.